



Concello de Lourenzá

Expediente núm.: 272/2023
Acta de Constitución do Concello
Procedemento: Eleccións

SRES. ASISTENTES.

D ^a . ROCÍO LÓPEZ GARCÍA - PSdeG-PSOE.
D. JAVIER HUERTAS OTERO - PSdeG-PSOE.
D.MANUEL ARANGO RON -PSdeG-PSOE.
D ^a . MARIA MERCEDES DENGRA SIXTO - PSdeG-PSOE.
D. MARIO LEITÓN RAMALLAL- PSdeG-PSOE.
D. FRANCISCO JAVIER SUÁREZ VÁZQUEZ- PSdeG-PSPE.
D ^a . SONIA GAVINO REIGOSA- PSdeG-PSOE.
D. ROBERTO DÍAZ EXPÓSITO- P.P.
D ^a . SANDRA GÓMEZ MARADONA- P.P.
D ^a REMEDIOS GALLO FERNÁNDEZ- P.P.
D ^a . M ^a BELEN FANEGO BARREIRA- B.N.G.
SECRETARIA: D ^a .ANA BARREIRO GÓMEZ .

ACTA DE CONSTITUCIÓN DO CONCELLO

No Salón de Actos da Casa Consistorial do Concello de Lourenzá, o 17 de xuño de 2023, ás 20:03 hora, e en cumprimento do disposto nos artigos 195 e 196 da Lei Orgánica 5/1985, de 19 de xuño, do Réxime Electoral Xeneral e o artigo 37 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, aprobado por Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, e ao efecto de proceder a celebrar a CONSTITUCIÓN do novo Concello de Lourenzá, á vista dos resultados das Eleccións Municipais celebradas o día 28/05/2023, para a renovación da totalidade dos membros das Corporacións Locais, reúnen os señores Concelleiros Electos enumerados a continuación, segundo as actas de proclamación achegadas pola Xunta Electoral de Zona de Mondoñedo rexistradas con data 08/06/2023. Así pois a lista dos concelleiros proclamados electos queda da seguinte forma:

D ^a . ROCÍO LÓPEZ GARCÍA - PSdeG-PSOE.
D. JAVIER HUERTAS OTERO - PSdeG-PSOE.
D.MANUEL ARANGO RON -PSdeG-PSOE.
D ^a . MARIA MERCEDES DENGRA SIXTO - PSdeG-PSOE.
D. MARIO LEITÓN RAMALLAL- PSdeG-PSOE.
D. FRANCISCO JAVIER SUÁREZ VÁZQUEZ- PSdeG-PSPE.
D ^a . SONIA GAVINO REIGOSA- PSdeG-PSOE.
D. ROBERTO DÍAZ EXPÓSITO- P.P.
D ^a . SANDRA GÓMEZ MARADONA- P.P.
D ^a REMEDIOS GALLO FERNÁNDEZ- P.P.
D ^a . M ^a BELEN FANEGO BARREIRA- B.N.G.





Concello de Lourenzá

A Corporación está asistida pola Secretaria-Interventora deste Concello, D^a. Ana Barreiro Gómez, que da fe do acto.

FORMACIÓN DA MESA DE IDADE

Seguidamente pola Secretaria-Interventora da Corporación, unha vez declarada aberta a Sesión pública plenaria, dáse lectura ao artigo 195 de Lei Orgánica 5/1985, de 19 de xuño, do Réxime Electoral Xeneral e, atendendo ao disposto nel, procédese a constituír a Mesa de Idade.

Para iso, pola secretaria indicouse que, en virtude dos datos obrantes na Secretaría o seu cargo, os concelleiros de maior e menor idade era o Sr. Manuel Arango Ron e a Sra. D^a. Sonia Gavino Reigosa.

A Mesa de Idade queda integrada por:

Presidente: D. MANUEL ARANGO RON	Concelleiro electo de maior idade
Vocal: D ^a . SONIA GAVINO REIGOSA	Concelleira electa de menor idade
Secretaria: Ana Barreiro Gómez	Secretaria Interventora en acumulación do Concello

COMPROBACIÓNS PREVIAS Á CONSTITUCIÓN DO CONCELLO

Constituída a Mesa de Idade e logo de tomar as medidas precisas segundo dispón o artigo 36.2 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, aprobado por Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, esta procede á comprobación de todas as credenciais que lle foron entregadas acreditativas da personalidade dos Concelleiros electos.

A continuación, compróbase tamén que todos os Concelleiros electos formularon as declaracións referidas no artigo 75.7 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, convidando o Presidente da Mesa de Idade aos Concelleiros electos a que expoñan se lles afecta algunha causa de incompatibilidade sobrevinda con posterioridade á súa declaración, sen que por parte deles haxa manifestación algunha.

Tendo en conta de que se cumpre a esixencia do artigo 195.4 da Lei Orgánica 5/1985, de 19 de xuño, do Réxime Electoral Xeneral e 37.4 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, e que concorren a esta Sesión a maioría absoluta de Concelleiros Electos, procédese ao cumprimento do requisito legal previsto no artigo 108.8 da Lei Orgánica 5/1985, de 19 de xuño, do Réxime Electoral Xeneral de prestar xuramento ou promesa.

ACTO DE XURAMENTO OU PROMESA

Tras a lectura pola Secretaria do Concello do artigo 108.8 da Lei Orgánica 5/1985, de 19 de xuño, do Réxime Electoral Xeneral, referido á toma de posesión dos Concelleiros Electos, procédese a nomear a todos os Sres. Concelleiros electos, a efectos de prestación do xuramento ou promesa.

O xuramento ou promesa realízase ante a Constitución e utilizando a fórmula prevista no Real Decreto 707/1979, de 5 de abril, regulador da fórmula para toma de posesión de cargos ou funcións públicas: «*Xuro (ou prometo) pola miña conciencia e honra, cumprir fielmente as obrigacións do cargo de concelleiro deste Concello, con lealdade ao Rei, e gardar e facer gardar a Constitución como norma fundamental do Estado*».

A continuación a Secretaria da Corporación procede a nomear a cada un dos Concelleiros electos, que leen a fórmula persoalmente cada un deles,





Concello de Lourenzá

prometendo todos da seguinte maneira, “prometendo *pola miña conciencia e honra, cumprir fielmente as obrigacións do cargo de concelleiro deste Concello, con lealdade ao Rei, e gardar e facer gardar a Constitución como norma fundamental do Estado*”, excepto a concelleira do B.N.G., que a formulou da seguinte maneira: “*prometo cumprir coas obrigas do cargo de Concelleira e comprométome a defender os dereitos e intereses das veciñas e veciños de Lourenzá*” .

Logo de dar cumprimento ao disposto no artigo 195 da Lei Orgánica 5/1985, de 19 de xuño, do Réxime Electoral Xeneral, o Presidente da mesa declara constituído o Concello de Lourenzá tras as eleccións municipais celebradas o día vinte e oito de maio do dous mil vinte e tres (28/05/2023).

ELECCIÓN DO ALCALDE/ALCALDESA

Posteriormente, a Secretaria do Concello procede á lectura do artigo 196 da Lei Orgánica 5/1985, de 19 de xuño, do Réxime Electoral Xeneral e o artigo 40 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais aprobado por Real Decreto 2568/86 de 28 de novembro, e á elección do Alcalde-Presidente da Corporación.

a) Proclamación de candidatos á Alcaldía

Tras iso o Presidente da mesa de idade, pregunta os Concelleiros que encabezan as listas, se manteñen a súa candidatura a Alcalde ou a retiran, manifestándose no sentido de que manteñen a súa candidatura a Sra. López García, que encabeza a lista do P.S.de G.-PSOE e o Sr. Díaz Expósito que encabeza a lista do P.P. tamén a mantén; e Sra. M^a Belén Fanego Barreira que encabeza a lista do B.N.G. retira a súa candidatura.

b) Elección do sistema de votación

Tras a proclamación de candidatos, e unha vez que pola Presidente da Mesa de Idade, Sr. Arango Ron, infórmase que non existe previsión legal ou regulamentaria sobre a forma de votación pola que debe elixirse ó Alcalde - Presidente, nin a Lei Orgánica Réxime electoral xeral, nin o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, nin a Lei de Bases de Réxime Local nin a Lei 5/1997 de Administración Local de Galicia, determinan un sistema concreto de votación para esta elección e unha vez que polo Presidente da mesa se convida aos Concelleiros electos a elixir o sistema de votación (artigo 101 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais aprobado por Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro) para elixir o Alcalde, é elixido o sistema de votación ordinaria a man alzada; comenzando polo candidato da lista menos votada e seguindo a orde ascendente:

-D. Roberto Díaz Expósito, obtivo 3 votos a favor dos Concelleiros do P.P.

-D^a Rocío López García, obtivo sete votos a favor dos Concelleiros do PSdG PSOE. E a Concelleira do B.N.G. abstívose de votar.

En consecuencia e á vista do resultado da votación, ao ser o número de Concelleiros de ONCE (11) e a maioría absoluta de SEIS (6), o Presidente da mesa de idade procede a proclamar Alcaldesa-Presidenta da Corporación a D^a. ROCÍO LÓPEZ GARCÍA cabeza de lista de PARTIDO DOS SOCIALISTAS DE GALICIA - PSOE (PSdeG-PSOE).

TOMA DE POSESIÓN

Por Secretaría dáse lectura ó artigo 40.2 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais aprobado por Real





Concello de Lourenzá

Decreto 2568/1986, de 28 de novembro e artigo 18 do R.D. Lexislativo 781/86 de 18 de abril e inmediatamente a Sra. concelleira que resultou elixida Alcaldesa deste Concello, D^a. ROCÍO LÓPEZ GARCÍA, integrada na Lista ou Candidatura do P S. de G-P.S.O.E, presta promesa da seguinte maneira, “prometo *pola miña conciencia e honra, cumprir fielmente as obrigacións do cargo de Alcaldesa deste Concello, con lealdade ao Rei, e gardar e facer gardar a Constitución como norma fundamental do Estado*”, tomando posesión do seu cargo como Alcaldesa Presidenta do Concello de Lourenzá.

Realizado a promesa, o Sr. Presidente da Mesa, faille entrega do bastón de mando como atributo do seu cargo pasando D^a. Rocío López García a ocupar a presidencia do Salón de Actos e disolvéndose a Mesa de Idade.

ACTA DE ARQUEO E INVENTARIO DO PATRIMONIO DA CORPORACIÓN.-

A continuación, e por orde da Alcaldía, a insta a Secretaria - Interventora da lectura á acta de arqueo extraordinario redactada con motivo da constitución da nova Corporación, facendo constar que se facía a 15/06/23 (por estar pechados os bancos o sábado) acompañada de tódolos documentos que xustifiquen as existencias en metálico e en valores propios da Corporación, depositados nas entidades bancarias, de acordo co preceptuado no número 2 do art. 36 do repetido Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, e para os efectos de preceptuado polo art. 86 do Real Decreto Lexislativo 781/1986, do 18 de abril e art. 33.2 do Regulamento de Bens das Entidades Locais, aprobado polo Real Decreto 1.372/1986, do 13 de xuño, sendo os resúmenes dos documentos os seguintes:

EXISTENCIAS INICIAIS A 01/01/2023	COBROS	PAGOS	EXISTENCIAS FINAIS A 16/06/2023
902.724,63	1.761.387,50	1.354.216,60	1.309.895,53

ENTIDADE	NÚMERO DE CONTA	SALDO/ EUROS
CAIXA CORPORACIÓN (5700)		0,00
BANCO SANTANDER (57101)	ES6100306135680000851272	167.331,76
ABANCA (57104)	ES8420800149093110000012	424.811,39
CAIXA RURAL (57105)	ES5930700015821137831325	443.487,53
BANCO BILBAO VIZCAYA (57106)	ES1101826219570200270311	263.768,58
CAIXA RURAL (57108)	ES0930700015846076616421	10.496,27
TOTAL SALDOS A 16/06/2023		1.309.895,53

Dáse lectura tamén ós artigos 23 a 26 do varias veces citado Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, referentes á formación dos grupos políticos quedando informados tódolos asistentes do seu contido.

A continuación D^a. Rocío López García, Alcaldesa-Presidenta dirixe unhas palabras á Corporación e ó público presente no salón de sesións, que se transcriben literalmente:





Concello de Lourenzá

“Concelleiras e concelleiros, secretaria interventora da Corporación, veciñas e veciños, moi boa tarde a todos e benvidos a este pleno de constitución da nova corporación municipal que bota a andar hoxe aquí neste salón de actos da casa consistorial.

Cumprense 8 anos dende que sentei por primeira vez nesta cadeira, aló polo ano 2015 os cidadáns de Lourenzá nun exercicio libre e democrático decidistes darme a encomenda de dirixir e representar este concello. Aquel día sentada aquí mesmo compromentinme con vós e asumin aquela tarefa con grande ilusión e responsabilidade, co compromiso de cumprir e executar aquel proxecto socialista co que nos presentamos. Hoxe 8 anos despois, e logo de dúas maiorías absolutas a vontade dos cidadáns de Lourenzá, expresada nas urnas o pasado 28 de maio, de xeito libre e democrático ratificou novamente a confianza en min e no meu equipo. Teño que darvos as grazas por ese grande apoio que mais aló da maioría absoluta nos deu un resultado histórico para o partido socialista de Lourenzá, grazas infinitas por esa ampla maioría que nos outorgastes nas urnas. Este resultado pon de manifesto a aprobación e a satisfacción dun traballo ben feito, de saber que estamos traballando no bo camiño, na senda que as veciñas e veciños de Lourenzá queredes para o futuro deste pobo. Estouvos moi agradecida e tamén moi contenta porque sei que cada vez somos máis os laurentinos que queremos e entendemos este modelo de goberno, porque este proxecto, o noso proxecto, é un proxecto das persoas, e un proxecto de todos e para todos por igual, no que para min, por encima das cores políticas sempre está Lourenzá e a súa xente. Afronto este reto con moita ilusión pero coa seriedade que me da a experiencia e o coñecemento de oito anos de goberno a fronte da Alcaldía e sendo consciente de que aínda son moitas as cousas que nos quedan por facer.

Ser alcalde ou concelleiro do noso municipio é o maior honor que pode ter unha persoa con vocación de servizo público. Por eso eu sintome plenamente orgullosa de este reto e estou moi agradecida a tantas e tantas persoas que o longo destes 8 anos nos destes o voso apoio e confianza. Neste momento de gran emoción institucional e persoal quero mostrar a miña gratitude a todas as veciñas e veciños de Lourenzá, a quenes nos votaron e a quenes con toda lexitimidade preferiron outra opción política. Dende este momento sigo sendo a alcaldesa de todas e de todos e o servizo de todos traballarei con humildade e xenerosidade buscando sempre o que creo mellor para Lourenzá. Este será o meu empeño, tal e como foi dende que entrei a formar parte desta corporación municipal no ano 2015.

- Quero ter tamén unhas palabras de agradecemento para os concelleiros da oposición desta lexislatura que rematou porque a pesar das diferencias que puidemos ter e dos diferentes puntos de vista sempre defendemos o que creíamos mellor para Lourenzá.

- Quero ter tamén un moi merecido agradecemento para os concelleiros do





Concello de Lourenzá

gobierno que me acompañaron noutras lexislaturas e que hoxe xa non están e sobre todo para os que estiveses á fronte das distintas concellerías nestes últimos 4 anos porque sabedes que sempre vos digo que é un pracer traballar con vós. Gracias polo empeño que poñedes en defender á perfección cada área que representades e sobre todo gracias pola unión e o cariño que tedes hacia miña persoa. E tamén permitideme ter unhas palabras de benvida hacia un concelleiro novo que este ano incia a súa andadura política e que estou segura que vai a desenvolver moi ben o seu cometido neste equipo de goberno, benvido, Fran.

- Unha mención tamén especial para os concelleiros que pasades a integrar a oposición, da que eu tamén nalgún día formei parte, deciros que estamos no mesmo equipo, no das persoas que asumimos axudar ó noso pobo dende a política local, por iso sempre atoparedes a miña man tendida para traballar no mellor para Lourenzá e para servir a cidadanía.

- E por suposto, en último lugar, e non por iso menos merecido agradecemento, senón todo o contrario, moitas gracias á miña familia, por toda a comprensión que teñen conmigo, sobre todo por todo o tempo que lles roubo e que non podo compartir con eles, e por todo o que lles vou a roubar, sei que as veces non é fácil, pero mamá e papá.....os veciños déronme esta responsabilidade e non podo fallar.

- E como non, teño que dar as gracias dun xeito moi especial a todo meu equipo, a todos os que formades parte da miña segunda familia, a socialista, por todo o traballo e a contribución a este proxecto.

- E tamén gracias aos funcionarios e traballadores deste Concello polo desempeño das súas labores para un bo funcionamento no día a día do noso municipio.

E remato xa reiterando o meu agradecemento a quen me situou aquí.....

Unha vez máis.....gracias ós meus veciños, a todos os que estades aí no día a día, a esa xente das asociacións por traballar e colaborar con nós sempre que o pedimos, porque cando as cousas se fan entre todos está claro que sempre salen mellor. Gracias pola colaboración e o apoio que me mostrades sempre, por todo o que aprendin e aprendo con vós, por facerme sentir cercana, esa Alcadesa veciña e amiga que sempre quixen ser.

Digo sempre aquilo de que un Alcalde non nace, un Alcalde faise, e eu fagome con vós. Con cada proposta que teño que sacar adiante, con cada proxecto, con cada tarefa que me encomendades. É un privilexio poder traballar no ben común e no que creo mellor para o meu pobo.

E remato, agora si, xa decindovos que tanto eu como os meus compañeiros imos a traballar dende xa, dende o lugar que nos outorgaron os veciños, con responsabilidade, con seriedade e con humildade para loitar polo que cremos mellor para Lourenzá e para o benestar da veciñanza laurentina.

Moitas gracias a todos e a todas pola vósa confianza, e sobre todo gracias tamén por estar presentes neste acto de constitución da nova corporación municipal.





Concello de Lourenzá

Gracias por facer que o día de hoxe sexa outro día para recordar na historia do Concello de Lourenzá.”

A Sra. Alcaldesa, unha vez finalizado o discurso, pechou a sesión recordando os concelleiros presentes que, nun prazo máximo de trinta días, convocaríase unha nova sesión plenaria para determinar a periodicidade das sesións, creación e composición comisións informativas permanentes, nomeamento de representantes da Corporación en órganos colexiados que foran competencia do Pleno, coñecemento das resolucións da Alcaldía en materia de nomeamentos de Tenentes de Alcalde, membros da Xunta de Goberno Local, no seu caso, así como das delegacións que a Alcaldía estimara oportuno conferir, lembrándolles tamén que tiñan que solicitar o certificado electrónico posto que o próximo pleno convocaríase electronicamente.

Seguidamente, D^a. Rocío López García, Alcaldesa-Presidenta levanta a sesión, sendo as dezaioito horas e vinte e catro minutos (18,24), do cal, como Secretaria dou fe.

Documento asinado electronicamente en data ó marxe.

